

Funcións

Sumario

- 1 [Introdución](#)
- 2 [Creación de funcións](#)
- 3 [Chamada ás funcións](#)
- 4 [Utilizando argumentos](#)
- 5 [Utilizando variables locais e globais](#)
- 6 [Algunhas funcións propias de JavaScript](#)

Introdución

Unha función JavaScript é, simplemente, unha sección separada de código á que lle dou un nome. Utilizando este nome, calquera script pode chamar a esta sección de código tantas veces como se queira e nos momentos en que o precise. As funcións poden recibir e devolver valores dende e cara as sentencias que as chaman. Estes valores denomínanse **argumentos**.

Creación de funcións

A sintaxe da declaración dunha función é a seguinte:

```
function NomeFunción ([argumento1],[argumento2],...,[argumentoN])
{
    [sentencias]
}
```

As funcións deben declararse dentro das etiquetas de `<script>` e fora da declaración doutra función e de calquera estrutura de control. Recoméndase que as funcións se declaren dentro dun `script` que se atope incluído na sección `<head>` do documento. Ou sexa un documento externo que poidamos referenciar en calquera momento.

Chamada ás funcións

Unha vez declarada unha función, hai que ter en conta que esta non se executa ata que é chamada dende un `script`. Para chamar a unha función só hai que escribir unha sentencia que conteña o nome da función e, entre parénteses, os valores dos argumentos de chamada da mesma. Unha función pode ser chamada tantas veces como se precise.

- **Exemplo:** Crea unha función que se chame `MostraPares(número)`. Que mostre os pares existentes dende o 1 e un número recollido coa función `prompt()`.

```
<html>
<head>
  <title>Funcións</title>
  <script language="javascript">
    <!--ocúltase a información para os navegadores antigos
    function MostraPares(numero) {
      for (i=2; i<=numero; i=i+2) {
        document.write(i+", ");
      }
    }
    //final do comentario-->
  </script>
</head>
<body>
  <center>
    <script language="javascript">
      <!--ocúltase a información para os navegadores antigos
      var num;
      num=prompt("Introduce un número:", "");
      document.write("<h3>Números pares entre 1 e "+num+"...</h3>");
      MostraPares(num);
      document.write("<h3>¡Feito!</h3>");
      //final do comentario-->
    </script>
```

```
</center>  
</body>  
</html>
```

Utilizando argumentos

Utilizando variables locais e globais

Algunhas funcións propias de JavaScript

- `prompt()`
- ...